

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/10/2020	GOB14I04N
4V143J4B1F222F0C17K1	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA DOCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO</p> <p><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u> D/D^a MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do doce de marzo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2.- PROPOSTA APROBACIÓN OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO EXTRAORDINARIA 2020.-

(..) Visto o informe proposta emitido pola Xefe de Sección de RR.HH. e Patrimonio, que literalmente transcrito di: “De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto se formula o seguinte INFORME-PROPOSTA:

A) ANTECEDENTES

En data 28 de marzo de 2019, o concello pleno aprobou a modificación da relación de postos de traballo do Concello de Narón, que no seu punto segundo aprobaba a creación por transformación de contratos indefinidos dos seguintes postos:

<i>Código de posto</i>	<i>Denominación</i>	<i>Causa</i>
02.06.A015	<i>Axente de desenvolvemento local</i>	<i>Sentencia RSU 4628/2016 TSX Galicia</i>
02.06.A016	<i>Traballador/a social</i>	<i>sentencia 228/2016 (PO 16/2016, Juzgado de los social nº 1 Ferrol)</i>
02.01.A005	<i>Normalizador/a linguístico/a</i>	<i>RSU 4328/2016 TSX Galicia</i>
02.06.c019	<i>Administrativo/a</i>	<i>sentencia 490/2016 (PO 265/2016, Juzgado de lo social nº 1 Ferrol)</i>
02.01.B001	<i>Técnico/a sector infraestructuras dixitais</i>	<i>sentencia 456/2016 (PO 290/2016 Juzgado de lo social nº2 Ferrol)</i>
02.06.LA14	<i>Orientador/a laboral</i>	<i>sentencia 283/2016 (PO 77/2016, Juzgado social nº 1 social)</i>
01.02.LC22	<i>Peón limpeza de gando</i>	<i>RSU 2801/2017 TSX Galicia</i>
02.09.A001	<i>Técnico/a medio servicios básicos</i>	<i>Informe do servicio de data 12/02/2019</i>
PA0207B001*	<i>Animador cultural</i>	<i>sentencia 229/2016 (PO 18/2016 Juzgado de lo social nº 1 Ferrol)</i>
PA0207C001*	<i>Auxiliar de Cultura</i>	<i>sentencia 22/2017 (Juzgado de lo social nº2 Ferrol)</i>

En data 28.11.2019, o concello pleno aprobou o cadro de persoal e relación de postos de traballo para o ano 2020, no que xa ian incluídas, ademáis dos referidos postos, o seguinte:

<i>01.02.LC23</i>	<i>Peón limpeza de gando</i>	<i>Sentencia 200/19 do Xulgado do Social nº 2 de Ferrol</i>
-------------------	------------------------------	---

Polo tanto as prazas a incluír na OPE serán as seguintes:

PAZAS FUNCIONARIO DO CONCELLO DE NARON

Nº PRAZAS	GRUPO	CODIGO PRAZA	DENOMINACION	FORMA PROVISION
1	A1	2110006	TECNICO SUPERIOR DE NORMALIZACION LINGÜISTICA	Concurso-oposición libre
1	A2	2120019	AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	Concurso-oposición libre
1	A2	2120020	TRABALLADOR/ORAS SOCIAL	Concurso-oposición libre
1	B	2130010	TECNICO INFORMATICO	Concurso-oposición libre
1	C1	1300047	ADMINISTRATIVO	Concurso-oposición libre

PAZAS FUNCIONARIOS PADROADO CULTURA

Nº PRAZAS	GRUPO	CODIGO	DENOMINACION	FORMA PROVISION
1	B	2130009	ANIMADOR SOCIOCULTURAL	Concurso-



				oposición libre
1	C2	1400026	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	Concurso- oposición libre

E os postos de traballo a incluír os seguintes:

PERSOAL LABORAL FIXO CONCELLO DE NARON

Nº PRAZAS	GRUPO	CODIGO	DENOMINACION	FORMA PROVISION
2	VI		PEON LIMPEZA GANDO (a tempo parcial)	Concurso- oposición libre
1	II		ORIENTADOR LABORAL	Concurso- oposición libre

B) INFORME PROPOSTA

A presente oferta pública está dentro das previsións da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos xerais do Estado para 2018, prorrogada para 2019 e para 2020 que establece no artigo 19.7: “Oferta de Emprego Público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de personal...7.-Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna e as correspondentes ao personal declarado indefinido non fixo mediante sentenza xudicial.

E da cumprimento ao establecido no artigo 28 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, que establece: “ Persoal laboral indefinido

1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non puidese ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, a contara partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, salvo que se dispoña o seu amortización.
3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación...”

Á vista do anterior, propónse ao concelleiro delegado de persoal eleve á Xunta de goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aproba-la oferta pública de emprego extraordinaria para o ano 2020, co seguinte detalle:

FUNCIONARIOS CONCELLO NARON		
CODIGO PRAZA	DENOMINACION	GR
2110006	1 TECNICO SUPERIOR DE NORMALIZACION LINGÜÍSTICA	A1
2120019	1 AXENTE DESENVOLVEMENTO LOCAL	A2
2120020	1 TRABALLADOR/ORAS SOCIAL	A2
2130010	1 TECNICO INFORMÁTICO	B
1300047	1 ADMINISTRATIVO	C1
PERSOAL LABORAL FIXO CONCELLO DE NARON		
LABORAL FIXO	1 ORIENTADOR/ORAS LABORAL	II
LABORAL FIXO	2 PEONS LIMPEZA GANDO (a tempo parcial)	VI
FUNCIONARIOS PADROADO CULTURA		
2130009	1 ANIMADOR/ORAS SOCIOCULTURAL	B
1400026	1 AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2

SEGUNDO.- De acordo co preceptuado no apartado 1 in fine do artigo 70 do Estatuto Básico do Empregado Público e 48.4 da Lei 2/2015, de emprego Público de Galicia, o prazo máximo para a convocatoria dos correspondentes procesos selectivos será de 3 anos, a contar dende o día seguinte ao de publicación da presente oferta no BOP.

Constatada a existencia de creto por intervención de fondos en data 10 de marzo de 2020, documento INT14I09B, O concelleiro delegado de persoal propón á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

Aproba-la proposta transcrita nos seus propios termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DUNHA CESIÓN URBANÍSTICA NO LUGAR DA PEDRA, PARROQUIA DE PEDROSO.-

(...) PRIMEIRO; aceptar a cesión gratuita de terreos efectuada por Don Jacobo Lombao Fernández e Dona Alejandra Martínez García.

SEGUNDO; Incorporar a superficie descrita ó Patrimonio Municipal

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- **PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DUNHA CESIÓN URBANÍSTICA NO LG. DA PICOTA.**- (...)PRMEIRO; aceptar a cesión gratuita de terreos efectuada por Dona Jessica Espantoso Hermida
SEGUNDO; Incorporar a superficie descrita ó Patrimonio Municipal
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIAN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI